

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP COUTADA - BEADE
CURSO: 6º PRIMARIA
MATERIA: Lingua estranxeira: Francés
DATA: 13/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias clave
Identificar o sentido xeral, o vocabulario e as expresións principais en textos moi breves e sinxelos.	Recoñece e entende mensaxes f e un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia interpretando polo contexto o significado do vocabulario novo.	CCL, CD, CAA
Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados.	Comprende o esencial das mensaxes e instrucións.	
Utilizar o repertorio léxico e as estruturas sintácticas básicas.	Utiliza o léxico e as expresións principais da unidade, relativo a diversas actividades con apoio visual (imaxes, fotografías, obxectos reais, etc.).	
Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos.	Sigue instrucións moi básicas e comprende peticións moi sinxelas relativas a tarefas escolares.	
	Discrimina auditivamente os sons propios da lingua francesa.	
Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións memorizadas.	Escrebe pequenos textos baseados no léxico traballado utilizando adecuadamente as estruturas da unidade.	
Producir textos breves e sinxelos.	Escrebe palabras e frases sinxelas relativas á unidade.	

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Observación do traballo diario e semanal. - Análise e valoración das tarefas creadas para avaliar os avances na adquisición das aprendizaxes.
	<p>Instrumentos:</p> <p>Seguimento do alumnado co rexistro de actividades realizadas (Aula virtual, Teleformación e entrega de tarefas por correo).</p> <p>Pequenos proxectos persoais entregados e cualificados na Aula Virtual.</p> <p>Intervencións nas clases por vídeoconferencia.</p>
Cualificación final	<p>Todo o traballo levado a cabo nos dous primeiros trimestres sumado ao traballo do terceiro trimestre servirán aos mestres/as para realizar a avaliación final de cada alumno/a a partir de avaliar o progreso das capacidades do noso alumnado en tódolos ámbitos do proceso de ensinanza-aprendizaxe durante todo o curso, así como a consecución dos obxectivos xerais marcados e a adquisición das competencias clave.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Actividades de repaso, reforzo e recuperación do traballado durante o curso. Actividades lúdicas e interdisciplinares.</p> <p>Actividades de lóxica, de discriminación visual, de reforzo do vocabulario adquirido e de tipo comunicativo.</p> <p>Actividades deseñadas para facer de forma autónoma (con apoios necesarios, e con exemplos concretos para as de maior dificultade) e actividades interactivas para traballar os contidos.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A través de Internet conectaránse á Aula virtual para seguir o plan de tarefas e as explicacións, ademais de interactuar nas páxinas web con actividades online.</p> <p>Clase semanal por videochamada para practicar a comprensión e expresión oral, ademais de interactuar cos seus compañeiros.</p> <p>Utilizar a lingua estranxeira como un medio para acadar coñecemento competencial, especialmente das competencias CCL, CD e CPAA.</p>
Materiais e recursos	<p>Aula virtual Moodle https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcoutadabeade/aulavirtual2/</p> <p>A mensaxería da Aula Virtual e o chat de Snappet para solucionar dúbidas, mandar mensaxes e informar do que se vai tratar no día e solucionar problemas técnicos.</p> <p>As clases con vídeo en Cisco Webex ou Zoom.</p> <p>O correo Gmail do alumnado para envío do plan de traballo semanal.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>Correo electrónico ás familias cando é preciso. AbalarMóbil. Correo electrónico ao alumnado, todos os domingos/luns para enviar Plan de traballo. Chat de Snappet co alumnado durante toda a mañá para dar avisos e resolver dúbidas. Mensaxería da Aula Virtual co alumnado para resolver dúbidas mentres realizan tarefas na Aula. Chamadas telefónicas coas familias cando elas o solicitan ou cando a titora precisa ter unha titoría/charla con pais/nais. As familias contan co meu correo Gmail. O alumnado de 6ª traballa na Aula Virtual do centro e ten as clases de francés por vídeo chamada unha sesión semanal por Cisco Webex ou Zoom.</p>
Publicidade	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro. http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcoutadabeade/</p>